En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO 15100 CARBALLO

Sambade: Na seguinte imaxe se recolle a delimitación da Rede Natura 2000 en cor verde:



Redelimítase o núcleo eliminado as parcelas afectadas, quedando do seguinte xeito:



A Pedra do Sal: Redelimítase o núcleo eliminado as parcelas afectadas pola Rede Natura 2000 que están fora do ámbito do Plan Especial, do seguinte xeito:



Na seguinte imaxe en cor amarelo a delimitación do PE-1, en cor verde a delimitación da rede Natura 2000, e en cor rosa a afección dos 200 m de Cotas.



XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Liñares Yáñez

"11. Non se xustifica que se amplíe a delimitación das Airas (Bértoa) e O Tarambollo (Sofán) para abranguer naves, en tanto constitúe unha actuación prohibida en solo de núcleo rural (artigo 28 da LOUG)".

Se redelimitan ambos núcleos eliminando as parcelas con naves.

As Airas:



XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO

Tarambollo:



"12. O PXOM permite edificar en calquera parcela existente en solo de núcleo rural. Isto contravén o artigo 29.1 da LOUG, que só permite exceptuar a parcela mínima de 300m^2 en solo de núcleo rural tradicional en parcelas existentes cando se atopan entre dúas parcelas edificadas".

Incorpórase dita determinación na normativa no artigo 269, que queda redactado do seguinte xeito:

Artigo 269. Parcela edificable
1. Son as condicións que debe cumprir unha parcela para ser considerada como edificable, entendendo como tal a superficie real de terreo deslindada como unidade independente e identificada polos seus lindeiros e a súa superficie.
2. Quedan exceptuadas das condicións de superficie, fachada ou fronte mínimo as parcelas preexistentes no momento que adquira firmeza a aprobación definitiva do PXOM. Estas parcelas serán edificables sempre que sexa posible a construcción nelas dunha edificación destinada ao uso previsto segundo a ordenanza de aplicación. <u>En solo de núcleo rural a parcela mínima edificable non será inferior a 300 m2, agás nos casos excepcionais debidamente xustificados de parcelas inferiores localizadas entre outras xa edificadas que imposibiliten alcanzar a parcela mínima.</u>
3. Son de aplicación nas obras de nova edificación excepto nas de reconstrucción e regúlanse no réxime correspondente ao uso a que se destina, na norma zonal de aplicación ou nas futuras figuras de planeamento de desenvolvemento deste Plan Xeral.
4. Prohíbese efectuar segregacións como consecuencia das cales resulten parcelas de superficie inferior á mínima fixada en cada zona.

"13. Nos núcleos rurais dos Pinos e As Pallas (Artes) e Betrís (Rus) hai varias parcelas sombreadas como núcleo rural común nas que se grafa o número de ordenanza 1: núcleo rural histórico tradicional; mentres que na Praza (Sofán) ocorre á inversa (sombreado histórico tradicional, escrito ordenanza 2)".

Subsánanse os errores gráficos do xeito seguinte.

APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO

Betrís



XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data – 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III

Os Pinos



As Pallas



APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística
Lucía Paires Yáñez

3. SUELO URBANIZABLE

1. "A unión da delimitación do sector T2 co núcleo rural da Barreira, acadará unha forma que integre a masa arborada existente, tendo en conta a grande superficie de solo urbanizable de uso terciario que propón o plan".

Introdúcese a obriga na ficha de desenvolvemento de que ese espazo sexa destinado a Espazo Libre, de xeito que quede integrada a masa arbórea existente. Incorpórase literalmente do seguinte xeito:

> *"A ordenación deberá integrar a masa arbórea existente na zona cara ao núcleo da Barreira, de xeito que se destine a espazos libres".*

2. "Na ficha do sector I4, que invade zona de policía de augas, incluirá a esixencia de acadar informe favorable do organismo de conca para o desenvolvemento".

Introdúcese a obriga na ficha de desenvolvemento do sector. Incorpórase literalmente do seguinte xeito:

> *"Este Sector encóntrase incluído na Zona de Fluxo Preferente do Río Anllóns, e queda obrigado a cumprir o establecido no Plan Hidroloxico Galicia Costa (PHGC) e na lexislación sectorial de augas, así como e imprescindible a obtención de Informe Favorable do Organismo de Conca previo a Aprobación Definitiva do Plan Parcial que desenvolva esta área".*

3. "Nos sectores que se acollen á Disposición Transitoria 13ª debe xustificarse que os asentamentos existían antes da entrada en vigor da LOUG e que a ocupación do sector acada máis do 50% dos espazos aptos para ela, establecendo, se non unha ordenación detallada, unha estrutura parcelaria resultante".

Os ámbitos de solo urbanizable de disposición transitoria cumpren coas determinacións en canto a consolidación da edificación existente. Así, incorpórase nas fichas de desenvolvemento dos sectores o número máximo de vivendas permitidas, número que non poderá superar o dobre das existentes, garantindo así o cumprimento da DT 13ª da LOUG. A continuación e a modo de exemplo, transcríbese esta limitación recollida no sector S-R1.

> ***Criterios de ordenación, xestión e execución***
> *O uso característico é o residencial. A edificabilidade (0,20m²/m²) do sector destinarase o 100% a uso residencial en tipoloxía familiar illada.*
> *No sector atópanse 10 vivendas existentes; a ordenación permitirá un máximo de 20 vivendas no sector, en cumprimento da DT 13ª da LOUG.*
> *A ordenación proposta debera resolver os encontros coa trama urbana lindeira mellorando o sistema viario intermedio e situando a cesión de equipamento próximos ao IES Monte Neme para ampliar a parcela do mesmo. O sector debera realizar as conexións das redes ás existentes na rúa Nacente.*

Así mesmo, o ámbito do S-R12 conta cunha zona arborada de grande extensión, que ocupa mais do 38% do ámbito, ao que se lle incorpora a obriga de incorporala na ordenación como Espazo Libre, de xeito seguinte:

A zona arborada existente na metade suroeste do sector lindante co solo rústico, cederase como espazo libre, co obxectivo de garantir o seu mantemento.

A continuación recóllense as imaxes aéreas dos ámbitos dos tres sectores delimitados en base á DT 13ª, correspondentes ao ano 2003. A LOUG entrou en vigor o 1 de xaneiro do 2003, e as fotos que se mostran a continuación son de maio dese mesmo ano.

S-R1 Avda. Instituto

S-R2 Sísamo

S-R12 Arnados

4. "De conformidade co artigo 57.1 c) da LOUG, o plan debe conter para todos os sectores de solo urbanizable delimitado, o trazado das redes fundamentais de abastecemento, sumidoiros, enerxía eléctrica e demais servizos que se prevexan".

Dando cumprimento ao solicitado, realizouse un estudo das redes fundamentais de servizo aos sectores de solo urbanizable, incorporando os puntos de conexión en cada unha das fichas de desenvolvemento.

4. SUELO RUSTICO

1. "Deben clasificarse como solo rústico de protección de espazos naturais todos os terreos do espazo natural das Normas Subsidiarias de Planeamento Provincial, n°2 Baldaio, de acordo co artigo 32.2.f) da LOUG (inclúe entre outros o PE2) agás que se xustifique o reaxuste do espazo natural, de conformidade co artigo 28 das normas".

As propias NSPP no seu artigo 28.1.a), establecen o seguinte:

> *"As delimitacións dos espazos naturais relacionados no anexo 2.º entenderanse vixentes ata a redacción do correspondente plan municipal, que definirá o tratamento e ámbito preciso dos mesmos, para a súa ordenación a través dos correspondentes plans especiais, todo iso sen prexuízo das actuacións que en orde ao perfeccionamento da definición, delimitación e tratamento dos espazos naturais, desenvólvanse pola Consellería de Ordenación do Territorio ou Obras Públicas, a través do procedemento establecido na lexislación aplicable."*

Existen documentos posteriores de moita maior precisión, que delimitan os espazos naturais de interese nesta zona costeira do Concello.

En concreto estase a tramitar a ampliación da rede Natura 2000, documento que non prevé a súa ampliación nesta zona; en concordancia co recente Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia aprobado no Decreto 37/2014, que zonifica o LIC costa da Morte (o espazo natural delimitado nas NSPP coincide na súa maior parte con este LIC), sen prever a súa redelimitación.

O Plan Xeral incorpora a última delimitación deste espazo de interese dispoñible, e conta co informe favorable da Administración con competencia na materia (a Dirección Xeral de Conservación da Natureza).

Co anterior proponse manter a delimitación dos espazos naturais contidas no documento aprobado provisionalmente, e clasificar o solo rústico de protección de espazos naturais en consonancia coa mesma. Esta xustificación recollíase no PXOM no seu tomo IV correspondente ao Informe de Sustentabilidade Ambiental, e agora tamén aparece no presente informe anexo á Memoria Xeral do Plan.

2. "O plan xeral debe recoller as determinacións dos proxectos sectoriais aprobados definitivamente: no parque eólico Pedrarrubia (AD 13/10/2011) o PXOM categoriza de solo rústico de especial protección de infraestruturas máis terreos cós do proxecto sectorial, mentres que no parque eólico Monteagudo (AD 12/09/2013) inclúe menos".

Non debe categorizarse solo en función de proxectos sectoriais que non acadasen a aprobación definitiva (Parque eólico Monte Neme)".

Se axustan a súas delimitacións cumprindo o solicitado na Orde.

II.4. NORMATIVA

"Coa finalidade de evitar que xurdan novas medianeiras e que se perpetúen as xa existentes, nas fichas UU-R3, UU-R6, UU-R7, UU-R8, UU-R9, UU-R11, UU-R12, UU-R13, UU-R14, UU-R15, UU-R16; solo urbanizable R10, debe establecerse a obriga de acaroarse ás medianeiras existentes ou resultantes da execución do planeamento".

Co obxectivo de dar cumprimento á Orde, inclúese a seguinte condición nas fichas dos desenvolvementos citados.

> *"Establécese a obriga de tratar convenientemente as medianeiras resultantes da ordenación, con materiais de fachada e cun deseño que fragmente visualmente o paramento vertical."*

"Deberán prohibirse as novas medianeiras cara ao viario e ao solo rústico, de forma análoga ao sinalado no artigo 316 sobre espazos libres, zonas verdes e equipamentos".

Cumprindo ao solicitado, modifícase o artigo solicitado (actualmente co nº 313) do xeito seguinte:

"Artigo 313. Condicións das medianeiras
1. En obras de rehabilitación ou de nova edificación non se permite deixar medianeiras á vista sobre espazos libres, zonas verdes, equipamentos públicos, viario e solo rústico.
2. Os panos medianeiros e paredes unidas ao descuberto deberán tratarse ou decorarse cos mesmos materiais que a fachada ou con outros de suficiente calidade; en todo caso, de forma que o seu aspecto e calidade sexan tan dignos como os da fachada.
3. As solicitudes de licencias que impliquen deixar medianeiras á vista terán que incluír as condicións relativas ao tratamento que deba darse ás mesmas."

II.5. OUTRAS CUESTIÓNS

1. "O plan de abastecemento a Baldaio, que non conta con informe favorable de Augas de Galicia, impútase á Xunta estimando o seu custo, mais sen telo en conta para o equilibrio económico do PXOM. Xustificarase o cumprimento do artigo 60.3 da LOUG".

A referencia ao Plan de abastecemento de Baldaio é un erro; trátase dun antigo documento que non chegou a culminarse. No seu lugar, o Concello está instaurando o plan director do abastecemento municipal, que contempla dotar deste servizo á totalidade do municipio, e cuxos datos económico e orzamentarios son os que figuran no estudo económico.

Co anterior, procede modificar o Estudo Económico do PXOM, nel sentido de suprimir a referencia ao plan de abastecemento de Baldaio, e no seu lugar citar o referido plan director.

2. "A memoria xustificativa de coherencia coas DOT (determinación excluínte 1.4) incluirá a coherencia coas súas determinacións normativas (non pode entenderse englobada na análise de compatibilidade estratéxica esixido pola determinación 10.1.18)".

Inclúese un novo apartado na Memoria coa xustificación da adecuación do PXOM ás DOT.

3. "A memoria xustificativa de accesibilidade e supresión de barreiras se debe adecuarse ao Real Decreto 505/2007 e Orde VIV/561/2010".

Incorpórase a lexislación enunciada na Memoria Xustificativa e na Normativa do Plan Xeral; así como a recente Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade.

APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

4. "A delimitación dos PE1 e PE2 non é lexible nos planos de clasificación do solo a 1/5000".

Corríxese o grafismo dos plans especiais nos planos de clasificación a escala 1/5.000, tal e como se aprecia nas seguintes imaxes:.





APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do Servizo de Planificación Urbanística

5. "O plano SV-02 debe adaptarse á Lei 8/2013, de estradas de Galicia".

O PXOM está adaptado á Lei 8/2013, tal e como compróbase no informe ao Plan da AXI. Por erro, no citado plano menciónase a antiga Lei de Estradas, no lugar da vixente Lei 8/2013. Corríxese o erro.

LIMITACIÓNS AO USO DOS TERREOS ADXACENTES ÁS ESTRADAS, SEGUNDO A LEI 8/2013.

- DOMINIO PÚBLICO
- ZONA DE SERVIDUME
- ZONA DE AFECCIÓN
- SOLO URBANO
- SOLO DE NÚCLEO RURAL
- SOLO URBANIZABLE

6. "Na Praza (Sofán) compútase un equipamento como existente cando a parcela compútase como vacante a efectos de consolidación e o equipamento non aparece na ortofoto".

Vista a discrepancia detectada, procedeuse a analizar o EQ nº 1712; trátase dun equipamento privado existente, polo que esta parcela non debe terse en conta nos cálculos de consolidación.

Procédese a emendar o erro detectado na documentación do Plan Xeral.

APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO

II.6. ADECUACIÓN DO PXOM AO POL

1. ÁREAS CONTÍNUAS

1. "Compre precisar o uso do equipamento SX EQ5, V, situado na área de protección costeira, limitándoo aos viables dentro do réxime de usos desta área do POL".

Suprímese este equipamento da documentación do PXOM.

2. "Delimítanse como solo de núcleo de rural común, Sambade e Rebórdelos, sobre parcelas vacantes na área de protección costeira e na rede de Espazos Naturais de Galicia, o que non se considera axeitado aos principios do POL para estes áreas".

Como xa se indicou en epígrafes anteriores, modificouse a delimitación destes núcleos para adaptalos aos requirimentos da Orde. Neste sentido eliminároнse, no solo de núcleo rural común, as parcelas vacantes atopadas na área de protección costeira e na rede Natura 2000.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Iglesias Yáñez

3. "Nos núcleos de Arnados (ao norte do SUR-T), Cambre, Sambade (ao longo da estrada cara á lagoa), Razo da Costa e Castrillón delimítase solo de núcleo rural común sobre parcelas baleiras en dirección á costa, o que supón un crecemento desconforme aos criterios do POL para a área de mellora ambiental e paisaxística.

Nestes dous últimos núcleos prestarase especial atención á delimitación dos seus crecementos dada a súa condición de núcleos de identidade do litoral. En Castrillón, ademais, o crecemento previsto interfire coas vistas dende un punto de observación do litoral identificado no POL no alto onde se sitúa a cápela de Santa Irene".

Redelimítanse os núcleos conforme epígrafes anteriores recollidos neste informe. Tanto no caso de Razo da Costa como no de Castrillón, o crecemento en dirección á costa limítase a recoller parcelas recentemente edificadas. Co fin de facilitar a interpretación dos planos, procédese a modificar a cartografía no sentido de engadir as edificacións executadas recentemente (en círculo amarelo).



No caso de Castrillón, as parcelas que se recollen non interfiren coa panorámica que obsérvase dende o miradoiro, feito que tívose en conta na delimitación.

2. NÚCLEOS DE IDENTIDADE DO LITORAL

"Non se achega delimitación específica dos núcleos de identidade do litoral identificados no POL (Leira, Rebórdelos, O Igrexario, Castrillón e Razo da Costa) senón unicamente a delimitación xenérica do solo clasificado como núcleo rural.

Ademais da delimitación destes núcleos é preciso, segundo o artigo 69 do POL, que o PXOM estableza para o seu desenvolvemento (artigo 42) a delimitación de senllos plans especiais que deberán abranguer, ademais do espazo construído, os baleiros adxacentes que o PXOM entenda como integrantes da imaxe identitaria dos NIL".

O PXOM incorpora a totalidade dos NIL no seu Catálogo, como asentamentos protexidos. Neste sentido, inclúese nas fichas destes núcleos a súa consideración de NIL, así como a normativa do POL que resúltalles de aplicación.

Así mesmo, na delimitación destes núcleos tívose en conta a súa condición de NIL, polo que, co obxectivo de evitar problemas de interpretación da Normativa urbanística e sectorial de aplicación, adaptouse a delimitación do núcleo rural histórico-tradicional as características establecidas no POL para os NIL. Do anterior resultouse unha delimitación coincidente do solo de núcleo rural histórico-tradicional, co ámbito do NIL. Este extremo incorporouse nas fichas destes núcleos atopadas no

Catálogo do PXOM, así como na Normativa do PXOM no TÍTULO VIII. CONDICIÓNS PARTICULARES DA EDIFICACIÓN NO SOLO DE NÚCLEO RURAL. NORMAS ZONAIS.

CAPÍTULO 1. PRELIMINARES

Artigo 331. Condicións singulares

(…)

K. DE APLICACIÓN NO ÁMBITO DO POL

NÚCLEOS DE IDENTIDADE DO LITORAL (NIL).

O POL establece no concello cinco NIL: Razo da Costa, Catrillón, O Igresario, Rebordelos y Leira. O PXOM define os NIL facendo coincidir o seu ámbito co límite do solo de núcleo rural histórico-tradicional dos mesmos.

Nestes núcleos resultará de aplicación o establecido para eles no POL. Potenciarase a protección do seu carácter tradicional, a súa localización estratéxica e a súa vinculación co mar.

Calquera actuación nestes núcleos terá en consideración os seguintes criterios:

a. Aproveitar as vantaxes derivadas da súa posición estratéxica, como porta de acceso ao territorio e rótula entre a terra e o mar.

b. Potenciar a imaxe exterior que se ten tanto desde o mar como desde terra, prestando especial atención á mellora da calidade da súa fachada marítima.

c. Completar a fachada marítima como un signo da súa identidade do mesmo, con especial atención aos seus elementos representativos de carácter tipolóxico, volumétrico, de materiais e texturas.

d. Configurar unha fachada marítima de calidade, asegurando unha servidume de tránsito continua, así como o contacto da poboación co mar, todo iso cun tratamento do espazo público adecuado ao carácter e a natureza do núcleo.

e. Procurar o esponxamento do bordo marítimo como lugar de contacto co mar e as rías e lugar de encontro e cohesión social.

f. Mellorar e conservar os elementos naturais que balizan a fachada marítima, establecendo as accións necesarias para o cumprimento das determinacións establecidas no POL respecto de praias, accesos, aparcadoiros, etc..

g. Establecer determinacións con respecto á relación fondo-figura, que permitan unha lectura harmoniosa do núcleo e dos seus elementos identitarios, así como das relacións espaciais e visuais co territorio e os elementos singulares do mesmo.

h. Conservar e valorizar a contorna patrimonial e histórica a través de prácticas adecuadas de mantemento e rehabilitación.

As condicións de edificación nestes núcleos serán as definidas nas ordenanza de aplicación do PXOM para os núcleos rurais, pero incluíndo as seguintes restricións:

1. Prohíbense as transformacións bruscas da topografía das parcelas. Só se permitirá a modificación da rasante natural do terreo na zona que se ocupe pola edificación principal; deixando o resto da parcela coa topografía natural existente.

2. Establecerase a obrigación de situar a edificación na zona máis afastada da costa, prohibindo os peches opacos a partir de certa altura, para procurar un uso e goce do bordo litoral que garanta os seus valores paisaxísticos.

3. Atender ás relacións de escala e acabado. Non se permitirán edificacións de altura superior a B+1 planta, equivalente a 7 metros sobre a rasante natural do terreo.

4. Os peches deberán integrarse na contorna: acabados e cores harmoniosos, e materiais naturais (madeira, pedra, vexetais), opacos unicamente ata 1,5 m altura.

5. Nos núcleos de Razo dá Costa e Leira, moi próximos á costa e perfectamente visibles e identificables desde ela, serán de aplicación ademais as seguintes medidas:

- Só se permitirán edificacións con acabados e cores harmoniosos coa contorna, tanto en fachadas, como en cubertas, tanto para as edificacións principais como para as auxiliares.

- Non se permitirán edificacións de altura superior a B+1 planta, equivalente a 6,5 metros sobre a rasante natural do terreo.
- Os peches deberán integrarse na contorna: acabados e cores harmoniosos, e materiais naturais (madeira, pedra, vexetais), opacos unicamente ata 1 m altura.

3. ÁREAS DE RECUALIFICACIÓN

"O POL identifica nas fichas das unidades de paisaxe, as áreas de recualificación de Arnados-Razo e Pedra do Sal, prevendo os plans especiais de protección e dotacións (PEÍ Pedra do Sal e PE2 Razo-Arnados).

En Pedra do Sal, o PXOM fai axeitadamente unha delimitación da área de recualificación coincidente coa do plan especial PEI.

En Arnados, a ficha do POL (04_02_155) retírese á agrupación de vivendas unifamiliares de carácter espontáneo no ámbito da praia de Razo, en primeira liña litoral e ao longo do eixo viario que comunica os núcleos de Razo e Arnados. Porén, a área delimitada no PXOM inclúe unicamente unha área vacante de edificación que foi obxecto dun inicio de reparcelación cunha rede de camiños, deixando fóra da súa delimitación as edificacións de vivenda unifamiliar que son precisamente o obxecto de recualificación. Pola súa parte, o PE2 cun ámbito máis amplo que á da área de recualificación delimitada, tamén deixa fóra do seu ámbito a zona ocupada polas edificacións.

Compre incluír as vivendas indicadas na ficha do POL, así como o espazo intersticial sometido ás actuacións integrais previstas no PXOM. Este conxunto pode remitirse á un plan especial, igual forma que na área de Pedra do Sal e, identicamente, indicar que non se poderán outorgar licenzas para novas edificacións que amplifiquen o impacto actual do asentamento ata o desenvolvemento do plan especial. Indicarase en ambos casos, tal e como se recolle no artigo 71.3 do POL, a necesidade de incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística".

Inclúese un plano de ordenación, AR, coa delimitación das dúas áreas de recualificación identificadas no concello; e dúas fichas de desenvolvemento independentes para cada unha delas.

Así mesmo, nos seus ámbitos delimítanse os instrumentos de desenvolvemento urbanístico máis adecuados ás particularidades do edificado existente, e acordes aos obxectivos establecidos, seguindo o criterio fixado no caso de Pedra de Sal.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO



APROBADO PROVISIONALMENTE
POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO
15 100 CARBALLO (A CORUÑA)

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Consellería
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL – CONCELLO DE CARBALLO

DENOMINACIÓN	A.R. RAZO

Área de recualificación de Razo

CLASE DE SOLO	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA, DE PROTECCIÓN DE AUGAS, DE PROTECCIÓN DE COSTAS, DE PROTECCIÓN PAISAXÍSTICA, DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUTURAS, SOLO DE NUCLEO RURAL COMÚN E SOLO DE NÚCLEO RURAL HISTÓRICO-TRADICIONAL
SUPERFICIE BRUTA	600.025 m²

ÁMBITO

Este Plan Especial inclúe os terreos definidos no POL como área de recualificación dentro da Unidade Paisaxística 04_02_155 "Razo"; agrupación de vivendas unifamiliares de carácter espontáneo no ámbito da Praia de Razo. É posible observar un primeiro grupo de edificacións situadas en primeira liña litoral e outra lixeiramente máis atrasada ao longo do eixo vial que comunica os núcleos de Razo e Amados. Estas edificacións encóntranse ocupando solos vinculados aos ecosistemas costeiros, implicando unha alteración das condicións naturais, ambientais e paisaxísticas do ámbito. O obxectivo é, polo tanto, frear estes procesos de ocupación asistemática, racionalizar o usos do solo, realizar operacións de mellora ambiental e paisaxística do espazo público e mellorar a fachada marítima.

OBXECTO E DETERMINACIÓNS

Ten por obxecto dar cumprimento aos obxectivos establecidos no POL, respecto á necesidade de que o planeamiento xeral municipal delimite as áreas de recualificación.
Neste sentido, covén ter en conta o establecido na Normativa do POL para estas zonas, en especial os artigos 44 e 71.

Art. 44.- Areas de recualificación
a. Favorecer a permeabilidade e conectividade visual coa costa, de maneira que non se formen pantallas arquitectónicas.
b. Mellorar a imaxe do bordo costeiro evitando así a súa ocupación.
c. Favorecer a conectividade e funcionalidade dos hábitats.
d. Restituír a paisaxe natural, rural ou urbana, dotándoo da funcionalidade e estrutura que lle son propias, mellorando así a súa calidade ambiental e escénica.
e. Mellorar a calidade da escena urbana ou rural a partir da recualificación do espazo público favorecendo a xeración de espazos de cohesión.
f. Favorecer a integración do ámbito no seu contorno natural ou rural próximo mediante a incorporación de elementos naturais (ríos, regatos, masas arborizadas, etc.).
g. Preservar a calidade ambiental e paisaxística, superar o déficit de equipamentos e evitar parámetros de ocupación, intensidades ou solucións de implantación incompatibles coa capacidade de carga do territorio ou cos seus valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais.
h. Establecer unha regulación que garanta os criterios de idoneidade, sostibilidade e calidade establecidos no presente Plan.

Art. 71.- Ámbitos de recualificación
1. Posto que identifican dinámicas de ocupación do territorio desconformes coas determinacións do presente Plan, a delimitación destes ámbitos terá por obxecto operacións de mellora, cohesión social, dotación e esponxamento.
2. O seu desenvolvemento será posible tras a axeitada clasificación do plan urbanístico conforme á lexislación vixente. Poderán levarse a cabo desenvolvementos dentro do ámbito da área de recualificación que dean cumprimento aos principios e criterios xerais descritos para estes ámbitos e incorporando os obxectivos e criterios da área na que se atopen.
3. Para iso:
a. Os instrumentos de desenvolvemento destes ámbitos serán os establecidos na lexislación urbanística conforme á súa natureza.
b. A súa delimitación poderá ser continua ou descontinua e deberá estar axustada aos obxectivos, criterios e determinacións anteriormente descritos.
c. O seu desenvolvemento incorporará un Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP) que poderá pormenorizar a súa delimitación en atención á proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre elas e os lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado, a morfoloxía e tipoloxías propias destes e da área xeográfica en que se atopan.
d. As actuacións limitaranse a dar coherencia, estrutura e integrar ambiental, funcional e paisaxisticamente o existente, de maneira que unha vez establecido o ámbito de recualificación, a partir del non se poderán prever no plan novos crecementos urbanísticos.

OBSERVACIÓNS

As ferramentas de desenvolvemento urbanístico cuxo ámbito incorpore terreos deste área de recualificación, deberán incorporar os criterios e normas establecidas no POL, e deberán contar co informe da Administración con competencia en materia de paisaxe.

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL – CONCELLO DE CARBALLO

DENOMINACIÓN	A.R. BALDAIO

Área de recualificación de Baldaio

CLASE DE SOLO	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA, DE PROTECCIÓN DE COSTAS, DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS, DE PROTECCIÓN PAISAXÍSTICA E SOLO DE NUCLEO RURAL COMÚN
SUPERFICIE BRUTA	324.810 m²

ÁMBITO

Este Plan Especial inclúe os terreos definidos no POL como área de recualificación dentro da Unidade Paisaxística 04_02_154 "Baldaio"; desenvolvementos dispersos no contorno da Praia da Pedra do Sal, concretamente as edificacións que se desenvolven tras a zona de dunas dende As Sanchianas ata Monte Veiros co obxectivo de evitar crecementos espontáneos desvinculados dos núcleos tradicionais e sen funcións urbanas que metan presión dende o punto de vista urbanístico ao ecosistema de dunas e xeren unha barreira visual que impida a contemplación do litoral.

OBXECTO E DETERMINACIÓNS

Ten por obxecto dar cumprimento aos obxectivos establecidos no POL, respecto á necesidade de que o planeamiento xeral municipal delimite as áreas de recualificación.
Neste sentido, covén ter en conta o establecido na Normativa do POL para estas zonas, en especial os artigos 44 e 71.

Art. 44.- Áreas de recualificación
a. Favorecer a permeabilidade e conectividade visual coa costa, de maneira que non se formen pantallas arquitectónicas.
b. Mellorar a imaxe do bordo costeiro evitando así a súa ocupación.
c. Favorecer a conectividade e funcionalidade dos hábitats.
d. Restituír a paisaxe natural, rural ou urbana, dotándoo da funcionalidade e estrutura que lle son propias, mellorando así a súa calidade ambiental e escénica.
e. Mellorar a calidade da escena urbana ou rural a partir da recualificación do espazo público favorecendo a xeración de espazos de cohesión.
f. Favorecer a integración do ámbito no seu contorno natural ou rural próximo mediante a incorporación de elementos naturais (ríos, regatos, masas arborizadas, etc.).
g. Preservar a calidade ambiental e paisaxística, superar o déficit de equipamentos e evitar parámetros de ocupación, intensidades ou solucións de implantación incompatibles coa capacidade de carga do territorio ou cos seus valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais.
h. Establecer unha regulación que garanta os criterios de idoneidade, sostibilidade e calidade establecidos no presente Plan.

Art. 71.- Ámbitos de recualificación
1. Posto que identifican dinámicas de ocupación do territorio desconformes coas determinacións do presente Plan, a delimitación destes ámbitos terá por obxecto operacións de mellora, cohesión social, dotación e esponxamento.
2. O seu desenvolvemento será posible tras a axeitada clasificación do plan urbanístico conforme á lexislación vixente. Poderán levarse a cabo desenvolvementos dentro do ámbito da área de recualificación que dean cumprimento aos principios e criterios xerais descritos para estes ámbitos e incorporando os obxectivos e criterios da área na que se atopen.
3. Para iso:
a. Os instrumentos de desenvolvemento destes ámbitos serán os establecidos na lexislación urbanística conforme á súa natureza.
b. A súa delimitación poderá ser continua ou descontinua e deberá estar axustada aos obxectivos, criterios e determinacións anteriormente descritos.
c. O seu desenvolvemento incorporará un Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP) que poderá pormenorizar a súa delimitación en atención á proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre elas e os lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado, a morfoloxía e tipoloxías propias destes e da área xeográfica en que se atopan.
d. As actuacións limitaranse a dar coherencia, estrutura e integrar ambiental, funcional e paisaxisticamente o existente, de maneira que unha vez establecido o ámbito de recualificación, a partir del non se poderán prever no plan novos crecementos urbanísticos.

OBSERVACIÓNS

As ferramentas de desenvolvemento urbanístico cuxo ámbito incorpore terreos deste área de recualificación, deberán incorporar os criterios e normas establecidas no POL, e deberán contar co informe da Administración con competencia en materia de paisaxe.

APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO (A CORUÑA)

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orda da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

Así, ampliouse a área de recualificación de Razo, incorporando as edificacións dispersas ao longo do viario de unión dos núcleos de Arnados e Razo da Costa.

No ámbito das áreas de recualificación inclúense agora seis instrumentos de desenvolvemento urbanístico: tres actuación integrais delimitadas no núcleo rural de Arnados, un estudo de detalle da fachada costeira deste mesmo núcleo, e dous plans especiais de protección e dotacións (un na zona de Razo-Arnados e outro na zona de Pedra do Sal). En todos eles inclúese as obrigas de:

- Dar cumprimento aos obxectivos e criterios establecidos no POL para as áreas de recualificación.
- Incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística.
- Someter o documento ao informe da Administración con competencias en materia de paisaxe.
- A imposibilidade de outorgar licencias no ámbito destes seis instrumentos urbanísticos afectados ata o seu desenvolvemento.
- A necesidade de que os planeamentos de desenvolvemento cuxo ámbito atópese próximo aos acesos dos areais (a actuación integral Arnados 1 e os dous plans especiais), a necesidade de realizar un estudo da demanda de aparcamento, co obxectivo de que as dotacións públicas que se definan teñan en conta esta previsión.

APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO

4. DESENVOLVEMENTOS URBANÍSTICOS

"Como desenvolvementos urbanísticos no ámbito do POL se prevén as áreas de actuación integral AI01, AI02 e AI03 no solo de núcleo rural común de Arnados; e o solo urbanizable SR-12 preto do mesmo núcleo. Posto que están situados na área de mellora ambiental e paisaxística e confinando con asentamentos que non permiten o crecemento urbanístico a partir deles, a súa viabilidade ven dada pola inclusión na área de recualificación de Arnados. Este área poderá ser descontinua, conforme ao artigo 71.3 do POL, aos efectos de abranguer os asentamentos afectados desconexos.

Os ámbitos das actuacións integrais resultan coincidentes aos de solo urbano non consolidado analizados no anexo de graos de compatibilidade do POL respecto do planeamento vixente á súa entrada en vigor, co grao de compatibilidade 2 (adaptable) e as súas determinacións resultan semellantes ás agora propostas, polo que se consideran compatibles co POL. Posto que o PXOM non inclúe a ordenación detallada, indicarase nas fichas a necesidade de remitir o planeamento de desenvolvemento destas áreas para verificar o cumprimento das normas xerais do artigo 61 citadas no referido anexo. Procederase igualmente co planeamento de desenvolvemento do solo urbanizable.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
Secretaría Xeral Técnica
Área de Planificación Urbanística
Lucía Iglesias Yáñez

Conforme ao informe da DXSP do 02/02/2012, a recondución das necesidades de aparcamento da praia de Razo debe ser un obxectivo para a área de recualificación. Nas

áreas de actuación integral preverase a reserva de equipamento asociada ao uso da praia que serva para recolocar o que se produce en zonas inapropiadas".

Nas fichas dos seis desenvolvementos urbanísticos atopados no ámbito do POL (as tres actuacións integrais en Arnados, os dous plans especiais e o estudo de detalle da fachada costeira de Arnados), inclúese a necesidade de solicitar informe á Administración coas competencias en materia de paisaxe, para verificar o cumprimento dos criterios establecidos no POL.

Así mesmo, na actuación integral Arnados 1 (por ser a máis próxima ao acceso da praia) e nos dous plans especiais, inclúese a necesidade de realizar un estudo da demanda de aparcamento dos areais, co obxectivo de que as dotacións públicas que se definan teñan en conta esta previsión.

5. PRAIAS E A SÚA CONTORNA

"Non se realiza o estudo solicitado no informe do 02/02/2012 sobre as necesidades de aparcamento nas praias do concello (Leira, Arnelas, Baldaio, Razo e Pedra do Sal) en base a o cal deducir as dotacións necesarias seguindo se indica no artigo 90 do POL.

Tamén deben establecerse as previsións necesarias para a recolocación dos aparcadoiros existentes que non se axusten ás determinacións do POL, como é o caso do da praia de Razo emprazado na área de protección costeira, con alta visibilidade dende a praia e impacto paisaxístico da ampla área asfaltada. Tamén debe considerarase a recolocación dos existentes nas praias de Baldaio sobre o cordón dunar, que resulta prohibido; e o de Pedra do Sal. Na formulación de alternativas, terase en conta a Guía de boas prácticas de intervención en sistemas praia-duna editada pola xunta de Galicia".

Nas actuacións integrais Arnados 1 e Arnados 2 (por ser as máis próximas ao acceso da praia) e nos dous plans especiais (PE1 e PE2), inclúese a necesidade de realizar un estudo da demanda de aparcamento dos areais, co obxectivo de que as dotacións públicas que se definan teñan en conta esta previsión.

Así mesmo, nas fichas destes desenvolvementos urbanísticos inclúese a necesidade de solicitar informe á Administración coas competencias en materia de paisaxe, para verificar o cumprimento dos criterios establecidos no POL, a fin de garantir a correcta integración das actuacións propostas no entorno.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data - 4 FEB. 2016
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO
En sesión de data,
18 NOV 2015
O SECRETARIO
CONCELLO DE CARBALLO

6. OUTRAS CUESTIONS

"Non se grafía nin de xeito orientador, a senda dos faros que atravesa o concello (informe do 02/02/12). Suxírese que o PXOM faga esta delimitación co obxecto de que seu o futuro non se vexa comprometido ata que se aprobe o plan especial que a desenvolva".

Inclúese nos planos de clasificación do PXOM a Senda dos Faros, tal e como se observa na imaxe seguinte.



II.7. INFORME DO PXOM EN MATERIA DE COSTAS

1. DESLINDE DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE

"O termo municipal de Carballo foi obxecto de deslinde do dominio público marítimo terrestre, aprobado definitivamente polas Ordes ministeriais OM do 07/09/2004 (Desde o límite co termo municipal de Laracha ata as praias e marismas de Razo-Baldaio); e OM do 16/07/2009 (Desde Punta de Razo ata o límite co termo municipal de Malpica).

Sobre a súa correcta representación no PXOM, estarase ao informe do artigo 117.2 da LC, da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar".

Tal e como consta no expediente, o PXOM conta co informe favorable da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar.

2. NORMATIVA URBANÍSTICA

"O Capítulo III "Protección das costas" pasa agora o Capítulo IV, con certas imprecisións:

1. Debe suprimirse as referencias á normativa estatal de costas hoxe derogada."

Modifícase na totalidade da Normativa do Plan, a referencia de lexislación que contén ao Real Decreto 1471/1989, polo que se aproba o Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1998 de Costas (RLC), o cal foi recentemente derogado; e no seu lugar inclúese a nova lexislación vixente, o Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas.

A continuación inclúese un dos textos da Normativa no que realízase este cambio.

> *Artigo 179. Ámbito*
> *Aplicase esta normativa a tódolos terreos incluídos na protección sectorial establecida pola Lei de Costas para o litoral marítimo así como a aqueles outros incluídos no Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL). Estes ámbitos estarán regulados polo Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas (RLC), polo POL e pola LOUG.*
> *A franxa delimitada en planos que, en calquera caso, engloba aos terreos situados a 200m do límite interior da ribeira do mar, así coma a franxa do ámbito litoral definida polo Plan de Ordenación do Litoral.*

No obstante, recórdase que resulta de aplicación a totalidade da lexislación vixente en cada momento, independentemente de que este citada ou non na normativa do Plan, dado que é imposible modificar o PXOM cada vez que se produza unha modificación na normativa de aplicación.

2. A normativa sectorial de costas se incluirá nunha única Sección Iª "Réxime derivado da normativa sectorial de costas" co seguinte contido:

- O deslinde do DPMT no termo municipal é o que resulta dos planos de deslinde aprobados polas OOMM referidas no apartado A.1 deste informe.

- Nos terreos abranguidos no DPMT, estarase en todo caso ao disposto no Título III da LC e do Regulamento Xeral de Costas - RXC- (RD 876/2014, do 10 de outubro) e nas oportunas disposicións transitorias, correspondendo á Administración do Estado o outorgamento dos títulos que habiliten para a súa ocupación ou utilización, de acordo coa dita normativa.

- Nos terreos abranguidos na zona de servidume de tránsito (6 m desde o límite interior da ribeira do mar) estarase en todo caso ao disposto no Título II da LC e do RXC (RD 876/2014, do 10 de outubro) e nas oportunas disposicións transitorias. Nomeadamente, compre remitir ao artigo 27 da Lei de Costas.

- Nos terreos abranguidos na zona de servidume de protección (cuxa extensión ven determinada nos planos dos deslindes oficiais) estarase en todo caso ao disposto no Título II da LC e do RXC (RD 876/2014, do 10 de outubro) e nas oportunas disposicións

transitorias. Nomeadamente, compre remitir aos artigos 24 a 26 da LC, así como as DT 3a e 4a da LC e concordantes do RXC (RD 876/2014, do 10 de outubro).

- Nos terreos abranguidos na zona de influencia (500 m desde o límite interior da ribeira do mar) estarase ao disposto no artigo 30 da Lei de costas e concordante do RXC (RD 876/2014, do 10 de outubro).

3. Non procede distinguir limitacións da normativa de costas en función da clasificación dos terreos como solo rústico, urbano ou de núcleo rural, senón en función da anchura da zona de servidume de protección (Sección 2a).

4. Compre precisar que a protección da costa levase a cabo mediante a aplicación combinada da normativa de costas, POL e LOUG.

5. O artigo 178 vai referido ao ámbito e non á definición".

Incorpórase na Normativa do PXOM as modificacións detalladas na Orde, mantendo aqueles aspectos solicitados pola Demarcación de Costas do Estado no seus informes ao Plan Xeral.

3. PLANOS

